

Cousas que podemos facer en GNU/Linux que no podemos facer en Windows ou en Mac OS X

1. Actualizar a unha nova versión legal de balde.
(Nota desta tradución: diríase mellor legal e libre).
2. A última versión do sistema operativo execútase no mesmo computador máis rápido cá anterior.
3. Instalar e executar outra interfaz gráfica se non me gusta a que está por defecto.
4. Instalar (dunha soa vez) 20 programas cun comando.
5. Facer que o sistema manteña actualizados os programas instalados por min.
6. Instalar a mesma copia do meu sistema operativo (Ubuntu) en varios computadores sen preocuparme das restricións da licenza nin das claves de activación.
7. Dar copias dos programas que utilizo sen quebrantar ningunha lei nin norma moral ou ética.
(NdT: non só iso, senón que é ético e moralmente recomendable distribuir coñecemento, neste caso programas).
8. Ter todo o control sobre todo o meu hardware sabendo que os meus programas non teñen ningunha porta traseira de ningunha empresa ou goberno.
9. Usar o computador sen necesitar un antivirus e sen ter que reiniciar durante meses activándose no acto todos os parches de seguridade descargados.
(NdT: ou calquera outro programa, de feito un dos meus computadores só reiníciase cando se vai a luz).
10. Usar o computador sen necesitar desfragmentar o disco duro, nunca.
11. Probar calquera programa, e se non me gusta, desinstalarlo sabendo que non deixará ningún rastro no rexistro que poida retardar o meu computador.
12. Cagarla ata necesitar reinstalar o sistema, e que só tarde media hora en polo todo a punto porque teño os meus datos e os meus programas en particiones separadas.
13. Iniciar un escritorio con efectos tan chulos (NdT: moito máis chulos) cós de Vista nun computador de fai 3 anos en menos de 40 segundos incluíndo o tempo que tardo en escribir o meu usuario e contraseña.
14. Personalizar todo o que queira, legalmente, ata os meus programas favoritos. Ata podo contactar cos desenvolvedores dos programas para facerlles preguntas, exporlles as miñas ideas e ata participar no proceso de deseño ou/e escritura do programa.
15. Ter abertas máis de 4 fiestras dun procesador de textos con documentos nos que traballo, escoitar música, xogar cos efectos do escritorio, estar en contacto cunha gran comunidade e ter Firefox, a mensaxería instantánea e o correo electrónico, todo aberto á vez, sen ter que mendigarle a ninguén que me arranxe a lentitude do sistema e sen que o sistema funcione tan mal que faga inútil.

16. Usar o comando `dpkg --get-selections > pkg.list` para facer unha lista completa e detallada de todo o que teño instalado no computador e con facer unha copia de `/etc` e `/home` noutra partición, ser capaz de restaurar o meu sistema en calquera momento de forma sinxela.

17. Executo varios escritorios á vez e ata permito que varios usuarios inicien sesión no meu computador á vez e usen simultaneamente o computador.

18. Cambiar o tamaño dunha partición do disco duro sen ter que borrarla nin perder información.

19. Usar o mesmo hardware durante 5 anos sen necesitar, abofé, actualízalo. Teño hardware de fai 10 anos que con Linux segue sendo útil.

20. Navegar por Internet mentres o sistema operativo instálase!

21. Usar case calquera hardware tendo o driver xa incluído no sistema eliminando a necesidade de buscar por Internet a web do fabricante para atopar o driver adecuado.

22. Conseguir o código fonte de case todo, incluíndo o núcleo do sistema operativo e moitos dos programas que utilizo.

Podería seguir, pero xa é o suficientemente longo :-)